

## **Manifesto POR UN INTERIOR GALEGO VIVO**

As candidaturas abaixo asinantes manifestamos que o interior galego vive un tronso excepcional e decisivo que require accións inmediatas para fixar poboación e garantir a humanización e a calidade de vida no interior do país galego. Por iso, desde a autoorganización veciñal, impulsamos desde ámbitos locais proxectos de transformación e futuro para os nosos concellos, mais sendo conscientes da necesidade de actuacións integrais, unha visión global e de conxunto **por un interior galego vivo**.

En consecuencia, este é un proxecto expansivo, con vontade de permanencia no tempo, que visa abrirse a todas as persoas e entidades sociais e cívicas que partillen o mínimo común denominador da loita pola vitalidade do interior do país e a mellora da calidade de vida e das oportunidades para as súas xentes. Fronte ao deserto verde e a resignación, queremos representar a afouteza da dignidade. Fronte ao desleixo das administracións públicas, a audacia de sumar forzas e impulsar medidas valentes e necesarias para construír un futuro inclusivo e con garantías.

A crise iniciada en 2008 supuxo aumentar o abandono do noso territorio, sen inversións e sen políticas activas para fixar poboación e dinamizar a economía, aumentando a dependencia da nosa estrutura económica e o noso carácter periférico. Recentemente, vendeuse a declaración BIC da Ribeira Sacra como un gran logro, sendo a realidade que foi realizada a costas da cidadanía e está desprovista de calquera contido económico ou de políticas reais de preservación do patrimonio, activación económica etc.

**Por que se todas temos claro que o interior, sobretudo de Lugo e Ourense, precisa máis inversións e traballo por parte das AA.PP non se fai desde os distintos gobernos?**

Por iso, formulamos a necesidade imperiosa dun **Plano de investimentos para o interior galego coordinado entre todas as AA.PP**. e enunciámos algunhas das medidas que acreditamos son esenciais para encamiñar o interior galego por derroteiros diferentes aos do despoboamento, a emigración, o envellecemento e a espoliación neocolonial dos nosos recursos:

- ✓ Impulso ao ferrocarril, transporte moito máis desenvolvido no conxunto de Europa, aumentando as frecuencias para mobilidade da poboación, mellorando as vías e convertendo Monforte de Lemos nun nó de concentración de mercadorías conectado co eixo Atlántico, incluíndo a conexión ferroviaria dos portos galegos e con Portugal.
- ✓ Aposta pola comarcalización e a optimización dos recursos, através da mancomunización de servizos, as fusiões municipais e o recoñecemento das parroquias para o que é preciso a creación de canles e ferramentas efectivas de participación cidadá. As comarcas do interior galego deben configurarse como entes con capacidade fiscal propia, alén das deputacións de Lugo e Ourense cuxas prioridades son outras.
- ✓ Reforma da fiscalidade local, que deixe de ter en conta en exclusiva a poboación, e reforma da carga impositiva aplicábel ás empresas que explotan os nosos recursos naturais, nomeadamente os grandes emporios enerxéticos.
- ✓ Cobertura universal de ensino infantil 0-3 anos en todo o territorio e aumento dos servizos sociais para os nosos maiores con máis SAF (Servizo de Asistencia no Fogar) e prazas nos centros de día e residencias públicas.
- ✓ Garantir unha asistencia sanitaria digna e equitativa para todo o mundo rural: garantir suficientes prazas de medicina familiar fixas; aumento dos servizos de pediatría no rural ourensán e no sur de Lugo; dotación de persoal suficiente e equipamentos axeitados nos PAC, centros de saúde e nos hospitais de Lemos, Valdeorras e Verín; así como a garantía de suficientes ambulancias asistenciais en todo o territorio.
- ✓ Impulso de administracións públicas feministas que promovan a igualdade e defendan as vítimas da violencia de xénero con axilidade e eficacia.
- ✓ Arranxo e ampliación da N-540 como solución máis realista, máis económica e máis ecolóxica para a vertebración Lugo-Ourense.
- ✓ Deseño conxunto e participativo da estratexia turística, co foco no turismo cultural, de natureza e no enoturismo, para o que cómpre reformar o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra converténdoo nun instrumento útil e participativo.
- ✓ Preservar e impulsar zonas como o Courel, implantando un Parque natural que conte cos veciños, respeite os seus usos e costumes e traia inversións reais para revivilo.

- ✓ Aposta pola transformación alimentar de produtos como o mel, o aceite, a cereixa, o leite, o tripo do país ou a castaña, xerando valor engadido e seguindo modelos cooperativos.
- ✓ Reforma da filosofía e funcionamento dos GDR que xestionan boa parte dos fondos europeos destinados ao rural.
- ✓ Aposta decidida polo sector primario, nas súas diferentes modalidades, loitando por unha PAC que non discrimine os produtores galegos e facilitar a instalación de sistemas de conexión á rede de alta velocidade no rural.
- ✓ Recuperación de viñedos históricos e apoio directo á pequena produción que é o que conserva a paisaxe histórica das ribeiras.
- ✓ Colaboración con axentes e técnicos na prevención dos incendios forestais, contribuindo a manter a superficie agraria útil e combatendo as especies pirofitas e invasoras.
- ✓ Saneamento dos nosos cursos fluviais, catalogación das árbores senlleiras e protección dos nosos espazos naturais como valor de presente e de futuro.
- ✓ Catalogación, recuperación e conservación do patrimonio material e inmaterial do noso territorio, progresivamente abandonado, mutilado ou directamente destruído de forma irreversible polo desleixo e a incapacidade das AA.PP.

Finalmente, incidimos en que hoxe comezamos unha andaina conxunta moitas candidaturas veciñais, esperando poder sumar a moitas máis persoas e colectivos: **por un interior galego vivo! Polo noso rural!**

En Belesar, a 4 de maio de 2019.

**Entidades promotoras do Manifesto POR UN INTERIOR GALEGO VIVO:**

**Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular**

**Agroma Sober**

**C@urel Vivo**

**Esperta Monforte!**

**Alternativa Veciñal de Antas de Ulla**

**Son de Manzaneda**

Son do Pereiro de Aguiar  
Xuntos por Laza  
Son de Trives  
Xuntos por Chandrexa de Queixa



Asdo.: Antom Fente Parada, voceiro de Por Chantada-CUP.



Asdo.: Paula Vázquez Verao, voceira de Agroma Sober.



Asdo.: Óscar Carrete Lage, voceiro de C@urel Vivo



Asdo.: Maribel García, voceira de Esperta Monforte!



Alternativa Veciñal  
de Antas de Ulla


Asdo.: José Eduardo García España, voceiro de Alternativa Veciñal de Antas de Ulla.



Asdo.: Félix Domínguez Cortiñas  
Son de Manzaneda.



Asdo.:  
Son do Pereiro de Aguiar.



Asdo.:  
voceiro Xuntos por Laza.



Asdo.:  
Son de Trives.



Asdo.:  
Xuntos por Chandrexa